

A ESCOLA DA VIDA

A cruz e a espada

26.12.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Aunión da Igrexa e o Estado pérdese na noite dos tempos. O poder espiritual e terreal estiveron unidos por intereses mutuos para o seu propio beneficio. A Igrexa, lonxe de predicar a fe en Deus só por medio da palabra, estableceu escolas e, en torno a elas, toda unha parafernalia de colexios monacais e de entidades xestionadoras e subministradoras que, pola súa parte, fóronse xerarquizando e elevando as súas posesións. E quen ten posesións materiais desexa conservalas. E que mellor cousa para iso que unirse ao poder terreal: condes, marqueses ou reis.

O beneficio para este últimos estivo na lexitimidade que a Igrexa lles infería como membros elixidos por Deus para executar a súa vontade na Terra. Así pois, uns e outros salvagardaban os seus dereitos.

Pero todo este contubernio empezou a declinar coa Revolución Francesa e o establecemento dunhas repúblicas nas que os seus mandatarios eran elixidos polos cidadáns sen ter que ser sancionados por ningunha divindade. A Igrexa quedou, ao pouco tempo, apartada das prebendas e proteccións do Estado; os seus bens pasaron a ser considerados patrimonios culturais, e o exercicio das súas doutrinas a ter que ser impartidas fóra dos ámbitos públicos dos sistemas escolares. Isto ocorreu en Francia, por exemplo, onde as escolas non portan ningún tipo de ornamento relixioso desde hai máis dun século e onde ás relixións se lles concede un día da semana para que lles ofrezan a súa docencia aos alumnos crentes fóra das aulas. En España, o tema aínda rabexa porque aínda a pesar da aconfensionalidade constitucional do Estado democrático actual, este seguiu privilexiando unha cultura apousentada na tradición de financiera. Este mantemento da Igrexa católica foi máis lonxe do permitido polas propias leis grazas a que os sucesivos gobernantes nunca quixeron executalas debidamente.

Porén, en contra da xerarquía da Igrexa hai que dicir que tampouco se pertrechou da cultura e os medios necesarios para chegar a ser verdadeiramente autónomos. Por iso, hoxe, lle é tan difícil erguerse e mirar con obxectividade a realidade que lle toca vivir: saír fóra das escolas do Estado. Por iso se instalan en conflitos desproporcionados pondo como argumentos a conservación da materia de relixión ou o crucifixo.